



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2016

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día tres de novembro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20 DE OUTUBRO DE 2016.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte de outubro de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- CONEXIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS E AUTORIZACIÓN DE VERTEDURA DO INMOBLE DESTINADO A GASOLIÑEIRA EN MUÍÑOS, 15, SOLICITADA POR COMBUSTIBLES CESÁREO PARDAL, SL.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 17 de xullo de 2015 ten entrada no rexistro municipal a solicitude de don Cesáreo González Pardal de autorización para verter as augas fecais e industriais da Estación de servizo Combustibles Cesáreo Pardal á rede municipal de saneamento.

Segundo. O 17 de agosto de 2015 rexístrase de saída o requerimento de subsanación da instancia presentada no que se solicita a achega da seguinte documentación:

1. Licencia municipal da actividade de gasoliñeira.
2. Escritura de constitución da sociedade e, de ser o caso, de modificación posterior, e CIF.
3. Poder de representación da sociedade a favor do señor González Pardal.
4. Memoria descritiva do tipo de vertedura e caudal da mesma en m³/ano e m³/día.

Terceiro. A documentación requirida preséntase no rexistro municipal o 11 de setembro de 2015 e seguidamente solicítase informe técnico sobre a memoria presentada.

Cuarto. O 25 de setembro de 2015 o interesado solicita a conexión á rede municipal de augas.

Quinto. O 26 de setembro do 2016 o arquitecto técnico don Jesús Baliña de Jesús emite informe favorable á autorización de vertedura.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que a sociedade solicitante non está incursoa en ningún dos supostos relacionados no apartado 1 do artigo 8 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, e que segundo a memoria presentada non se incumple ningún dos parámetros recollidos no Anexo I deste memo Decreto.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para o outorgamento de licenzas de todo tipo e que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoñio á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Autorizar a Combustibles Cesáreo Pardal, SL, a vertedura das augas residuais producidas pola Estación de servizo situada no lugar de Muíños, 15, A Escravitude, sempre e cando se manteñan os parámetros descritos na memoria de caudais e tipo de verquidos presentada o 11 de setembro de 2015.

Segundo. O autorizado queda obrigado a obter a correspondente licenza de obra municipal para realizar a conexión á rede municipal.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo ao servizo de urbanismo.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Pardo Andrade. Propón á Xunta de Goberno Local que o asunto quede sobre a mesa para os efectos de comprobar si o caudal que se declara pode ser asumido pola decantadora de Pazos.

Non habendo máis intervencións por parte da presidencia sométese a votación a proposta, formulada ao abeiro do previsto no artigo 92 do ROF, de que o asunto quede sobre a mesa, sendo aprobada por unanimidade das e dos presentes.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

3.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DO NICHÓ 33-A1 NO CEMITERIO MUNICIPAL DO SANTIAGUIÑO DO MONTE FORMULADA POR TANIA GABRIELA RECLUSA MUÑOZ.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<Antecedentes de feito.

Primeiro. O pasado día 5 de xullo de 2016 dona Tania Gabriela Reclusa Muñoz solicita autorización do uso do nicho número 33-A1 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, e a súa apertura para o enterramento de don Fernando Nando Reclusa Muñoz.

Segundo. Achega coa solicitude a autorización da Xuíz titular do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción número 3 de Ribeira do 5 de xullo de 2016 para o enterramento de don Fernando Nando Reclusa Muñoz, falecido o 5 de xullo do 2016, no cemiterio municipal de Padrón.

Terceiro. Compróbase no Libro Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte que o nicho 33-A1 está libre.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o disposto no Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, e na Ordenanza fiscal número 9 do Cemiterio Municipal, publicada no BOP 19 do 23 de xaneiro do 2008.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para o outorgamento de licenzas de todo tipo e que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Autorizar a dona Tania Gabriela Reclusa Muñoz a inhumación de don Fernando Nando Reclusa Muñoz, falecido o 5 de xullo do 2016, no nicho número 33-A1 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- Serán de conta do solicitante as labores inhumación, así como as de deixar en perfectas condicións o nicho.
- A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.

Segundo. Outorgar a dona Tania Gabriela Reclusa Muñoz autorización temporal por 5 anos, contados desde a inscrición no Rexistro Civil da defunción (05/07/2016), para uso do nicho número 33-A1 situado no Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.
- A presente autorización de uso non exime á persoa titular da obriga de obter o correspondente permiso municipal por cada inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres ou restos cadavéricos ou o depósito destes últimos ou cinzas.
- Transcorridos os cinco anos, esta autorización poderá ser prorrogada por, como máximo, outros 5 anos máis, sempre e cando se abone a correspondente Taxa.

Transcorridos o 1º período de 5 anos ou a prórroga, de selo caso, extinguirase a autorización de

uso e a administración municipal, en canto titular do Cemiterio, poderá dispoñer que os restos mortais contidos na sepultura se leven á fosa común ou ó osario, segundo o estado no que se atopen, e que se retiren as cruces, lápidas e demais posibles emblemas que haxa na sepultura e se depositen no lugar que se destine para elo.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 31 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

4.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DO NICHU 51-A1 NO CEMITERIO MUNICIPAL DO SANTIAGUIÑO DO MONTE FORMULADA POR JESÚS BUSTELO CASTAÑO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<Antecedentes de feito.

Primeiro. O pasado día 5 de xullo de 2016 don Jesús Bustelo Castaño solicita autorización do uso do nicho número 51-A1 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, e a súa apertura para o enterramento de dona Julia Castaño Sóñora.

Segundo. Achega coa solicitude a licenza para dar sepultura a Julia Castaño Sóñora, falecida o 23 de xuño do 2016, expedida polo Xuíz do Rexistro Civil de Santiago de Compostela o mesmo día 23 de xuño do 2016.

Terceiro. Compróbase no Libro Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte que o nicho 51-A1 está libre.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o disposto no Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, e na Ordenanza fiscal número 9 do Cemiterio Municipal, publicada no BOP 19 do 23 de xaneiro do 2008.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para o outorgamento de licenzas de todo tipo e que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Autorizar a don Jesús Bustelo Castaño a inhumación de dona Julia Castaño Sóñora, falecida o 23 de xuño do 2016, no nicho número 51-A1 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- a) Serán de conta do solicitante as labores inhumación, así como as de deixar en perfectas condicións



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

o nicho.

- b) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.

Segundo. Outorgar a don Jesús Bustelo Castaño autorización temporal por 5 anos, contados desde a inscrición no Rexistro Civil da defunción (23/06/2016), para uso do nicho número 51-A1 situado no Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- a) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.
- b) A presente autorización de uso non exime á persoa titular da obriga de obter o correspondente permiso municipal por cada inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres ou restos cadavéricos ou o depósito destes últimos ou cinzas.
- c) Transcorridos os cinco anos, esta autorización poderá ser prorrogada por, como máximo, outros 5 anos máis, sempre e cando se abone a correspondente Taxa.

Transcorridos o 1º período de 5 anos ou a prórroga, de selo caso, extinguirase a autorización de uso e a administración municipal, en canto titular do Cemiterio, poderá dispoñer que os restos mortais contidos na sepultura se leven á fosa común ou ao osario, segundo o estado no que se atopen, e que se retiren as cruces, lápidas e demais posibles emblemas que haxa na sepultura e se depositen no lugar que se destine para elo.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 31 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

5.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DO NICHOS 16-A7 NO CEMITERIO MUNICIPAL DO SANTIAGUIÑO DO MONTE FORMULADA POR MARIA FRANCISCA VÁZQUEZ ROMERO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<**Antecedentes de feito.**

Primeiro. O pasado día 30 de agosto de 2016 dona María Francisca Vázquez Romero solicita autorización do uso do nicho número 16-A7 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, e a súa apertura para o enterramento de dona Luisa Romero Romero.

Segundo. Achega coa solicitude a licenza para dar sepultura a Luisa Romero Romero, falecida o 13 de agosto do 2016, expedida polo Xuíz do Rexistro Civil de Santiago de Compostela o mesmo día 13 de agosto do 2016.

Terceiro. Compróbase no Libro Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte que o

nicho 16-A7 está libre.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o disposto no Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, e na Ordenanza fiscal número 9 do Cemiterio Municipal, publicada no BOP 19 do 23 de xaneiro do 2008.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para o outorgamento de licenzas de todo tipo e que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Autorizar a dona María Francisca Vázquez Romero a inhumación de dona Luisa Romero Romero, falecida o 13 de agosto do 2016, no nicho número 16-A7 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- a) Serán de conta do solicitante as labores inhumación, así como as de deixar en perfectas condicións o nicho.
- b) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.

Segundo. Outorgar a dona María Francisca Vázquez Romero autorización temporal por 5 anos, contados desde a inscrición no Rexistro Civil da defunción (13/08/2016), para uso do nicho número 16-A7 situado no Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- a) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.
- b) A presente autorización de uso non exime á persoa titular da obriga de obter o correspondente permiso municipal por cada inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres ou restos cadavéricos ou o depósito destes últimos ou cinzas.
- c) Transcorridos os cinco anos, esta autorización poderá ser prorrogada por, como máximo, outros 5 anos máis, sempre e cando se abone a correspondente Taxa.

Transcorridos o 1º período de 5 anos ou a prórroga, de selo caso, extinguirase a autorización de uso e a administración municipal, en canto titular do Cemiterio, poderá dispoñer que os restos mortais contidos na sepultura se leven á fosa común ou ó osario, segundo o estado no que se atopen, e que se retiren as cruces, lápidas e demais posibles emblemas que haxa na sepultura e se depositen no lugar que se destine para elo.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 31 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

6.- OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO PARA PASO DE VEHÍCULOS SOLICITADA POR HIDRO ANDURIÑA S.L., PARA A ENTRADA A UNHA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITUADA NO Nº 78 DA RÚA DO CARMEN.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<Antecedentes Administrativos.

Primeiro. O 7 de outubro de 2016, co número de rexistro de entrada 8560, dona Sagrario Fernández Sorribas, en representación de Hidro Anduriña, SL, solicita autorización para entrada e saída de vehículos a través da vía pública, e colocación dun sinal de Vado Permanente no portal de entrada a unha finca da súa propiedade situada na rúa do Carmen nº 78.

Segundo. O 19 de outubro de 2016, emítase informe polo Xefe da Policía Local que di que *"...realizaron unha inspección da propiedade para a que se solicita a sinalización, comprobando que está habilitada para o acceso de vehículos e dispón dun portal practicable cunha anchura de 2,50 metros lineais"*.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o establecido nos artigos 75 a 82 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión das licenzas de entrada e saída de vehículos tal e como consta no artigo 76 da devandita ordenanza e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a Hidro Anduriña, SL, licenza de entrada e saída a través da vía pública da finca situada no número 78 da rúa do Carmen, na súa modalidade de vado permanente e, en consecuencia, autorízasele a colocar un sinal vertical de prohibición para estacionar co número 234, axustado ao modelo que será facilitado por este Concello.

Segundo. De conformidade co establecido no artigo 78 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, lémbrese que queda prohibido a colocación de rampas que ocupen a calzada e no suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vado deberá pedir o correspondente permiso de obra.

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar conta deste acordo aos departamentos de Intervención e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros

presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 31 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

7.- OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO PARA PASO DE VEHÍCULOS SOLICITADA POR DON TEODORO RARÍS MAGARIÑOS, PARA A ENTRADA A UN GARAXE DA SÚA PROPIEDAD SITUADA NO Nº 29 DA AVENIDA COMPOSTELA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de outubro de 2016:

<<Antecedentes Administrativos.

Primeiro. O 14 de outubro de 2016, co número de rexistro de entrada 8731, don Teodoro Rarís Magariños solicita autorización para entrada e saída de vehículos a través da vía pública, e colocación dun sinal de Vado Permanente no portal de entrada a un garaxe da súa propiedade situado na avenida Compostela nº 29.

Segundo. O 20 de outubro de 2016, emítase informe polo Xefe da Policía Local que di que *"...realizaron unha inspeccion da propiedade para a que se solicita a sinalización, comprobando que está habilitada para acceso de vehículos e dispón dun portal practicable cunha anchura de 2,80 metros lineais. Que, no caso de que se lle conceda a placa de vado, sería necesario sinalizar con marcas viais amarelas un espazo dunha anchura similar á do portal de entrada, desde a beirarrúa ata o borde da calzada da N-550, para que a zona de exclusión de estacionamento quede perfectamente determinada"*.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o establecido nos artigos 75 a 82 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión das licenzas de entrada e saída de vehículos tal e como consta no artigo 76 da devandita ordenanza e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,


Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a don Teodoro Rarís Magariños licenza de entrada e saída a través da vía pública do garaxe situado no número 29 da avenida Compostela, na súa modalidade de vado permanente e, en consecuencia, autorízase a colocar un sinal vertical de prohibición para estacionar co número 235, axustado ao modelo que será facilitado por este Concello.

Segundo. De conformidade co establecido no artigo 78 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, lémbrese que queda prohibido a colocación de rampas que ocupen a calzada e no suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vado deberá pedir o correspondente permiso de obra.

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar conta deste acordo aos departamentos de Intervención e Policía Local.>>



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 28 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

8.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE GALERÍA EN INMOBLE SITO NA RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 10B, 3ºE, FORMULADA POR Dª. SONIA CUÑA VILÁN, EXPEDIENTE 150/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 26 de outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8981, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de renovación de galería en inmovible sito na rúa Corredoira da Barca nº 10B, 3ºE, con referencia catastral 7922211NH2372S0018PM, formulada por Dª. Sonia Cuña Vilán. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías do inmovible, así coma proxecto técnico "Cambio de galerías en dos vivendas de edificio existente" redactado e asinado polo arquitecto técnico D. José M. Millán Armas, e "Resolución sobre unha intervención no Camiño de Santiago" da Directora Xeral de Patrimonio Cultural de data 30 de setembro de 2016, así coma autorización da comunidade de propietarios do inmovible.

Segundo. En data 28 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Terceiro. En data 30 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de renovación de galería en inmovible sito na rúa Corredoira da Barca nº 10B, 3ºE, con referencia catastral 7922211NH2372S0018PM. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.


Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Cuarto. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal. Consta así mesmo achegado proxecto técnico "Cambio de galerías en dos vivendas de edificio existente" redactado e asinado polo arquitecto técnico D. José M. Millán Armas, referido a esta intervención e a outra que se vai levar a cabo en outro andar do mesmo edificio.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta achegada "Resolución sobre unha intervención no Camiño de Santiago" da Directora Xeral de Patrimonio Cultural de data 30 de setembro de 2016. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitir as medidas de constrinximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR DE NÚCLEO ANTIGO (URNA), conforme o



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Quinto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Sexto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sétimo. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo

declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Oitavo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 26 de outubro de 2016, asinada por D^a. SONIA CUÑA VILÁN, para obras de renovación de galería en inmóble sito na rúa Corredoira da Barca nº 10B, 3^oE, con referencia catastral 7922211NH2372S0018PM, expediente 149/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 31 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

9.- COMUNICACIÓN PREVIA DEM LIMPEZA DE CUBERTA E SUBSTITUCIÓN DE TELLAS EN MAL ESTADO EN VIVENDA EXISTENTE SITA NO LUGAR DE QUINTÁNS Nº 110, FORMULADA POR Dª. ROSA MARÍA VÁZQUEZ SÓÑORA, EXPEDIENTE 50/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 11 de marzo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2219, solicitude xeral formulada por Dª Rosa María Vázquez Sóñora na que expón que "Desea levar a cabo a limpeza con chorro de auga de la cubierta de su casa sita en Quintáns 110, Iria Flavia, revisando el estado general de las tejas y sustituyendo aquellas que se encuentren rotas. Se adjunta presupuesto a efectos de ICIO, si procede"

Segundo. En data 18 de marzo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2449, formulario de solicitude de licenza municipal de obras para a intervención referida no apartado primeiro.

Terceiro. En data 12 de abril de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio, para as mesmas.

Cuarto. En data 14 de abril de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial.

Quinto. En data 19 de outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8838, informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago de data 28 de setembro de 2016, favorable ás obras solicitadas.

Sexto. En data 24 de outubro de 2016 a solicitante achega formulario de comunicación previa de obras e usos do solo e subsolo non sometidos a licenza municipal.

Sétimo. En data 30 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. En base ao disposto no informe do arquitecto técnico municipal de data 12 de abril de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 30 de outubro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

Segundo. Considerando que o órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Tomar coñecemento da comunicación previa de obras e usos do solo e subsolo non sometidos a licenza municipal de data 24 de outubro de 2016, asinada por D^a María Rosa Vázquez Soñora para limpeza de cuberta e troco de tellas en mal estado en vivenda sita no Lugar de Quintáns 110, Iria Flavia, con referencia catastral 15066A501003800000BW, expediente 50/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos das obras obxecto do título habilitante de natureza urbanística:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL (NN), solo de núcleo rural conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: limpeza de cuberta e substitución de tellas en mal estado.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 375,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Quintáns 110, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D^a María Rosa Vázquez Soñora
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. O título municipal habilitante para as obras enténdese outorgado salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tff: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 31 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

10.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE COLOCACIÓN DE TELLA E PICADO E ENCINTADO DE PAREDES DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE PONTE ALDEA Nº 21, FORMULADA POR D. JOSÉ MARÍA JAMARDO QUINTÁNS, EXPEDIENTE 18/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 3 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 923, solicitude de licenza municipal de obras para troco de colocación de tella e picado e encintado de paredes exteriores de vivenda sita no Lugar de Ponte Aldea nº 21, con referencia catastral 8206209NH2380N0001, formulada por D. José María Jamardo Quintáns. Achégase coa solicitude orzamento, datos catastrais e fotografías.

Segundo. En data 10 de marzo de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio para as mesmas.

Terceiro. En data 14 de marzo de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial.

Cuarto. En data 6 de outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8532, informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago da directora xeral de Patrimonio Cultural de data 28 de setembro de 2016, favorable ás obras solicitadas.

Quinto. En data 30 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. En base ao disposto no informe do arquitecto técnico municipal de data 10 de marzo de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 30 de outubro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

Segundo. Considerando que o órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. José María Jamardo Quintáns licenza municipal de obras para troco de colocación

de tella e picado e encintado de paredes exteriores de vivenda sita no Lugar de Ponte Aldea nº 21, con referencia catastral 8206209NH2380N0001, expediente 18/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), solo urbano consolidado conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: colocación de tella e picado e encintado de paredes exteriores de vivenda.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 2.250,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Ponte Aldea nº 21, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. José María Jamardo Quintáns
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 31 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

11.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A TABERNA, SITO NA AVENIDA CAMILO JOSÉ CELA Nº 48, BAIXO, CON NOVA DENOMINACIÓN COMERCIAL "TABERNA O RINCÓN DE IRIA" FORMULADA POR Dª.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

MARÍA DE LOS ÁNGELES REY CAMIÑA, EXPTE 43/2016/CTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 12 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6213, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de apertura para a actividade de TABERNA, que na actualidade figura baixo a titularidade de D. Manuel Comparada Santos, que pasará a ter denominación comercial "TABERNA O RINCÓN DE IRIA", formulada por D^a. María de los Ángeles Rey Camiña, nova titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, contrato de arrendamento do local, e copia do acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de setembro de 2004 no que se outorga o cambio de titularidade da licenza de apertura ao agora transmitente.

Segundo. En data 30 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

Segundo. Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxeción ao réxime establecido polo artigo 71 bis da lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

Terceiro. En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 30 de outubro de 2016, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Cuarto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a TABERNA sito na avenida Camilo José Cela nº 48, baixo, pasando á titularidade de D^a. María de los Ángeles Rey Camiña, con denominación comercial "TABERNA O RINCÓN DE IRIA", expediente 43/2016/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumplíméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, aos efectos de levar a cabo visita de comprobación para determinar a qué categoría das definidas polo decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da

Comunidade Autónoma de Galicia, se axusta a actividade desenrolada. Da referida visita de comprobación se determinará a necesidade de requirir ao titular da actividade para que presente unha comunicación previa de actividade conforme o disposto na lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, coa documentación referida na normativa exposta.

Sexto. Dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 31 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

12.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL PARA ESCOLARIZACIÓN EXPEDIENTE SIUSS 1442.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de outubro de 2016:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Técnica de Intervención familiar da unidade de Traballo social dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Padrón, dona Julia Blanco Fernández, de 28 de outubro de 2016, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de inserción social para escolarización do ano 2016 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 28 de outubro de 2016.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda a usuaria de servizos sociais co expediente siuss 1442, por importe de 85,00 euros para cubrir gastos de escolarización e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 28 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

13.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL PARA ESCOLARIZACIÓN EXPEDIENTE SIUSS 955.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de outubro de 2016:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Técnica de Intervención familiar da unidade de Traballo social dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Padrón, dona Julia Blanco Fernández, de 28 de outubro de 2016, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de inserción social para escolarización do ano 2016 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 28 de outubro de 2016.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda a usuaria de servizos sociais co expediente siuss 955, por importe de 170,00 euros para cubrir gastos de escolarización e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 28 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

14.- AYUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL PARA ESCOLARIZACIÓN EXPEDIENTE SIUSS 1057.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de outubro de 2016:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Técnica de Intervención familiar da unidade de Traballo social dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Padrón, dona Julia Blanco Fernández, de 28 de outubro de 2016, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de inserción social para escolarización do ano 2016 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 28 de outubro de 2016.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de

Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda a usuaria de servizos sociais co expediente siuss 955, por importe de 85,00 euros para cubrir gastos de escolarización e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Seguidamente o señor Alcalde da conta da seguinte enmenda á proposta de data 3 de novembro do 2016:

<<Visto que na proposta do Alcalde do 28 de outubro do 2016, incluída no punto número 14 da orde do día da sesión da Xunta de Goberno Local a realizar o 3 de novembro do 2016, concretamente no seu apartado primeiro, cometeuse un erro consistente no cambio de número de expediente SIUSS.

Considerando que o artigo 97.5 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) define a enmenda como "*la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto*", definición que se repite no artigo 40.4 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local a seguinte enmenda:

Aprobar a corrección do erro detectado no apartado primeiro da proposta do Alcalde, asinada o 28 de outubro do 2016, no punto número 14 da orde do día da sesión a realizar pola Xunta de Goberno Local o 03 de novembro do 2016, de tal xeito que onde di:

"Primeiro: Conceder unha axuda a usuaria de servizos sociais co expediente siuss 955, por importe de 85,00 euros para cubrir gastos de escolarización e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago."

Debe dicir:

"Primeiro: Conceder unha axuda a usuaria de servizos sociais co expediente siuss 1057, por importe de 85,00 euros para cubrir gastos de escolarización e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago." >>

Non producíndose debate sobre a enmenda, o Presidente sométea a votación resultando aprobada por unanimidade das e dos presentes.

Seguidamente o Presidente somete a proposta a votación, coa inclusión da emenda presentada, co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 28 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

15.- APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 31 de outubro de 2016:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Considerando que por providencia da Alcaldía de data 28 de outubro do 2016 ordenouse á Intervención Municipal a emisión de informe sobre as facturas e gastos que se relacionan na mesma con carácter previo á súa aprobación.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Segundo: Visto o informe da Intervención Municipal do 28 de outubro de 2016, coas observacións indicadas no seu apartado 5º.

Fundamentos de Dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes facturas e gastos e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo ás aplicacións do orzamento vixente para o 2016 e polos importes que a continuación se indican:

Nº DE FACTURA	PROVEADOR E CONCEPTO	PARTIDA	I. BRUTO	I. LÍQUIDO
17/016	Arenaria Coordinación S.L.U., programa brincadeira mes de setembro	2311-22614	455,95 €	455,95 €
22/16	Asociación Cultural Pórtico das Artes, concerto con motivo do Encontro internacional de música	334-22615	500,00 €	500,00 €
E-59-16	Barbatana S.L., servizo de socorrismo piscina municipal verán 2016	341-22706	6.952,66 €	6.952,66 €
1500164	Carburantes y Servicios Pedrón S.L., combustibles subministrados mes de setembro	132-22103 163-22103 171-22103 323-22103 454-22103	3.015,90 €	3.015,90 €
1500175	Carburantes y Servicios Pedrón S.L., combustibles subministrados vehículos GES setembro	135-22616	540,00 €	540,00 €
48/16	Difux S.L., caixas de sobres subministrados	920-22000	278,30 €	278,30 €
49/16	Difux S.L., subministro de carpetas de expedientes	920-22000	176,66 €	176,66 €
50/16	Difux S.L., subministro de talonarios de partes diarios de traballo	920-22000	320,65 €	320,65 €
2016/6564	Diputación Provincial, B.O.P., publicación anuncio	920-22602	132,11 €	132,11 €
02.16	Estela Gómez Navarro, creatividade, deseño e impresión programa actividades culturais verán	334-22615	943,80 €	826,80 €
04.16	Estela Gómez Navarro, gabinete comunicación promoción festas	338-22617	363,00 €	318,00 €
03.16	Estela Gómez Navarro, impresión trípticos	334-22615	474,32 €	474,32 €
6289	Gasoleo Calefacción S.L., gasóleo subministrado para o Centro de Saúde	312-22103	1.907,50 €	1.907,50 €
15/2016	Jaloy Sport S.L., material deportivo subministrado	341-22608	302,04 €	302,04 €
056	José Cándido Jamardo Figueroa, Taxi Mari, servizo día de Padrón en Santiago	912-23000	80,00 €	80,00 €
506	Joyería Jorge Cortiñas. Jorge Cortiñas Castro, placa conmemorativa farmacia Baltar	334-22615	254,10 €	254,10 €
1743	Luis Antonio Gallego Fernández, nota simple informativa	920-22604	3,64 €	3,19 €
0117	Manuel Alonso Fontán y otros S.C., Gráficas Padrón, libro custodia de detidos	132-22000	85,00 €	85,00 €
16140X	Manuel Uzal Forján. Auto-taxi, servizo de taxi con maceiros día de Padrón en Rianxo	912-23000	100,00 €	100,00 €
4	María Soledad Doce Limeres, materiais subministrados para Santiaguíño	338-22617	1.463,00 €	1.463,00 €
A/160793	Ofimática Arosa S.L., fotocopias realizadas convento mes de setembro	241-22000	30,70 €	30,70 €
A/160803	Ofimática Arosa S.L., fotocopias realizadas departamento Biblioteca mes de setembro	3321-22000	4,77 €	4,77 €

